

# a Movida

AXENDA CULTURAL DE VIGO  
DE BALDE - VERÁN - 2024

LÉVAME!  
VOU CONTIGO

## CAMPO DE NABOS FEST

ARTISTA MASCULINO  
GRUPO MASCULINO  
ARTISTA MASCULINO  
ARTISTA MASCULINO  
ARTISTA FEMININA GRUPO MIXTO  
ARTISTA MASCULINO GRUPO FEMININO  
GRUPO MIXTO ARTISTA FEMININA  
ARTISTA MASCULINO  
GRUPO MASCULINO

Logotipos de patrocinadores

## CAMPO DE NABOS FEST

ARTISTA MASCULINO  
GRUPO MASCULINO  
ARTISTA MASCULINO  
ARTISTA FEMININA GRUPO MIXTO  
ARTISTA MASCULINO GRUPO FEMININO  
GRUPO MIXTO ARTISTA FEMININA  
ARTISTA MASCULINO  
GRUPO MASCULINO

Logotipos de institucións

Logotipos de patrocinadores

# -Coloreando Galicia- Unha Viaxe en cada Trazo

VEN A PINTAR O NOSO MURAL XIGANTE  
DE GALICIA EN VIALIA VIGO




**16-19 DE XULLO**

**OBRADOIRO FAMILIAR:18:00h**



**REXISTRO PREVIO NO PUNTO DE INFORMACIÓN**

**16:30H / DE 3 - 12 ANOS**




### SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




### BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




### ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



### BARRA SUPERIOR


Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



### LIGAZÓN

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.





**PÁX. 7**  
**ALFONSO FRANCO**



**PÁX. 9**  
**CAMPO DE NABOS FEST**



**PÁX. 15**  
**TERRACEO DE VERDADE**



**PÁX. 29**  
**O VERÁN É DOCE OU SALGADO?**

- 5 ALGO ASÍ COMO A METADE**
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 CULTURA POLÍTICA**
- 11 CALENDARIO DE FESTIVAIS**
- 12 RECORTES CON ESTILO**
- 13 VIGO, CIDADE DE COR: YOSEBA MP**
- 14 MÚSICA AO VIVO**
- 17 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 19 CROQUETAS E CACHOPOS...**
- 20 ARROCES E ARTESANÍA...**
- 21 A OITENTA QUILÓMETROS DA TERRA SANTA**
- 23 DELEITE LITERARIO**
- 24 A COCIÑAR: HUMMUS E CREMA...**
- 25 AXENDA MOVIDIÑA**
- 26 IMPERDIBLES**
- 27 VECIÑANZAS: BOUZAS**
- 31 OUTRAS MOVIDAS**
- 32 AS TÚAS MOVIDAS**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.whatsapp.com/channel/00299a61111111111111)

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: [amovida.gal/subscripcion-revista](https://amovida.gal/subscripcion-revista)

**MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO**



Revista **A Movidá** → Volume 7 (6), verán de 2024 [58]

**Edición:** Tamara Novoa → **Redacción:** Paula Cermeño, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Iria Otero, Juan Teixeira, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Paula Cermeño, Juan Teixeira e Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González → **Deseño web:** Beatriz Barros → **Ilustración:** Abi Castillo → **Mercadotecnia:** Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Uxío Couto

**Edita:** A Movidá Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

@amovidavigo → [amovida.gal](https://amovida.gal)

A Movidá non se responsabiliza das opinións expresadas nas contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.



## ALGO ASÍ COMO A METADE

Cinco liñas paralelas condenadas a mirarse sen poder tocarse. Elas foron deseñadas para emocionar, incomodar, facer vibrar e ata dar forma ao silencio. O gancho dunha corchea tratando de amarrarse sen éxito a unha desas cinco liñas. Un pentagrama de mulleres creadoras atrapadas nunha partitura xorda. **As Peaky Branders** recibimos un encargo recentemente: crear unha campaña para loitar contra as violencias machistas e contrarias ao colectivo LGBT+ para promover a igualdade en festivais. A necesidade deste traballo dá conta da dimensión do problema: as mulleres son as que máis formación teñen na industria musical, pero tamén as que contan con menos presenza nos festivais e as que menos cobran. Se atendemos ás barreiras na súa contratación, un 33 % considera que o principal freo é o feito de ser muller.

Hai esperanza. Porque a Cultura —con maiúscula— é a única que pode transformar esoutra cultura da que nos fala **José Mujica**, aquela que perpetúa desigualdades e que está arraigada nas estruturas de poder. Ninguén pode negar xa que en Galicia estamos ante unha eclosión cultural e creativa propia. Penso en todas as **Fillas de Cassandra** que están por crear, descubrir e escoitar. Algo así como a metade.



*Iria Otero*

*Fundadora e directora creativa de As Peaky Branders*

**GUÍA DE FESTAS PARROQUIAIS:**

Virxe da Consolación (Coia, 5-10 de xullo), San Cristovo (Candeán, 12, 13 y 14), Santa Baia e Santo Antón (Alcabre, 13-15 de xullo), Virxe do Carme (Coruxo, 13-16), Santa Mariña (Cabral, 14-16), Santísimo Cristo dos Aflixidos (Bouzas, 14-18 de xullo), Santiago Apóstolo (Bembrive, 22-25 de xullo), Santa Cristina (Lavadores, 23, 24 de xullo), Santa Ana (Beade, 25-28 de xullo), Nosa Señora das Neves (Matamá, 30 de xullo a 5 de agosto), San Roque (Vigo Centro, 16 de xullo), San Salvador (Teis, 5-8 de agosto), San Campio (Valadares, 24-29 de agosto).



**ELADIO SANTOS** volve á Casa de Arriba con concertos nos que estará moi ben acompañado os mércores 24 e 31 de xullo e 7, 14, 21 e 28 de agosto.

**AS PERSEIDAS**, popularmente chamadas bágoas de San Lourenzo, brillan con intensidade entre o domingo 11 e o martes 13 de agosto. Nestas noites de verán toca pedir un desexo.

por Xurxo Martínez González

## **CULTURA**

## **POLÍTICA**

Nun informe policial do 68 aparece **Ferrín**: «filocomunista en el campo galleguista». Abeizoado por **Luís Soto** de traxectoria antifeixista supé de **Castelao**, encabezou a clandestina UPG mentres ditaba nutrientes palabras en espazos legais. Un deles foi a Asociación Cultural de Vigo, na cal exerceu cargos directivos, coma **Pepe González**, **Camilo Nogueira**, **María Xosé Queizán**... No local (López de Neira, 22) conferenciaron **Torrente Ballester** ou **Otero Pedrayo**, co preceptivo permiso franquista. A brigadilla asistía a cada acto, mesmo ás misas en galego do **P. Seixas**, dadas ante fregueses como **Álvarez Blázquez**, **Illa Couto** ou **Del Riego**. A didatura obsesiónase por controlalo todo.

Na AC de Vigo fixéronse actos clandestinos e impulsáronse campañas de fomento da lingua, como a dos célebres colantes para pór nos coches coa consigna incorrecta de «Falemos galego». Dende Vigo, urbe de mans proletarias lucu-aurienses, enchéronse as aldeas con *carros* de axitación e propaganda.

O local da asociación sería asaltado pola brigadilla máis dunha vez. Algúns socios foron detidos e interrogados. Houbo presos, golpeados e ameazados. Esta sociedade resistiu pra termar da liberdade. Foi lugar de expresión antifranquista, punto de encontro entre xentes novas e vellas. Socios foron **Cunqueiro** ou **Pastoriza**, que encarnou a Xustiza por defender os cargos públicos de Vigo asasinados no 36. Un dos fusilados foi o líder socialista **Enrique H. Botana**. A el volveremos por ser memoria e exemplo.



# Alfonso Franco

Violinista

## «TEMOS A MAIOR CANTEIRA DE VIOLINISTAS FOLK DO ESTADO»

**ALFONSO FRANCO BOLSEIRO** (*Santiago de Compostela*) *é un namorado do fiddle, o violín tradicional; a paixón nótaselle no facer e no falar. Leva toda unha vida dedicado a experimentar e coñecer outras culturas que tamén empregan o violín no seu folclore. É mentor de moitos dos artistas que están a agromar neste momento dourado da nosa música tradicional.*

### De onde vén a túa relación co violín?

Aos 18 anos, eu estaba nun grupo folk e o violinista que había deixouno, e aí foi cando decidín que quería aprender a tocar o violín. Todos os membros do grupo marcharon a Lugo para estudar Veterinaria, e eu con eles. Estudei uns anos da carreira, pero a min o que me motivaba era a música e quería tocar o violín.

### Como mestre na Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (ETRAD), notas un aumento da demanda por aprender a tocar este instrumento?

Cando empezamos case non había alumnos para o violín, e agora é o segundo instrumento que máis se toca na ETRAD. Iso débese ao traballo feito nestes 25 anos e grazas ao apoio que forneceu a escola. No ano 2010 creamos a asociación cultural Galicia Fiddle co fin de fomentar o uso do violín na música popular e enseguida promovemos o campamento San Simón Fiddle, que se converteu nunha incubadora de violinistas.

### Como naceu Galicia Fiddle?

Os anos 2010 e 2012 estivemos dando un curso en California, onde vimos como funcionaba o

violín no eido comunitario. E o que máis nos chamou a atención daquel curso era que había avós e netos, todos xuntos. Sorprendeunos, porque aquí non tiñamos nin xente maior nin nenos tocando o violín, e foi así como decidimos montar o San Simón Fiddle Camp, para crear unha canteira de rapaces. Ao cuarto ano de facer ese campamento para a cativada, decidimos que había que facer algo tamén para un perfil adulto e foi aí cando creamos Encordass. É marabilloso ver como hai unha morea de xubilados tocando o violín folk, iso non se dera antes.

### E desde o ano 2017 organizades o Encordass Fiddle Fest, que nos podes contar?

Despois de crear os campamentos San Simón Fiddle e Encordass, decidimos dar paso ao formato de festival, porque cada ano estabamos traendo mestres e músicos boísimos de todas as partes do mundo e dábanos pena ter tal calidade de talentos sen que puidese chegar a máis xente.

### Cales son as principais dificultades para organizar o festival?

A principal apareceu este ano, porque a nova directiva da illa de San Simón, dependente da Xunta de Galicia, quere limitar o número de persoas que se poden hospedar na illa a 70, o que faría o proxecto insostible; significaría a desaparición. Sería arrasar un evento que funcionou con éxito durante todo este tempo. San Simón Fiddle leva 14 anos alegrando con música a illa e gustaríame que se recoñecese iso.

Para acceder á entrevista completa en [amovida.gal](http://amovida.gal), cômpre escanear o código QR.







**«Conseguimos que xente de sesenta anos toque muíneas co violín»**



**«As restricións, que quere impor a nova directiva de San Simón, suporían a nosa desaparición»**







# Campo de Nabos Fest

**PRAIA, REFRESCOS, XEADOS, VACACIÓNS...** e festivais de música. Moitos festivais. Vivimos na época dourada deste tipo de eventos, polo menos cuantitativamente. Concertos espallados pola xeografía galega acollen milleiros de asistentes e centos de artistas. Pero aínda que non sorprende, non deixa de ser preocupante saber que a maioría deses centos de artistas que vemos nos escenarios son homes.

«**C**ase non hai mulleres nos postos técnicos»

*Elena Mareque,  
Seispés Producións Creativas*

A proporción de mulleres que aparecen nos libros sobre a materia é ridícula en comparanza co relato de artistas masculinos. Quizais no *pop* ou no *soul* é máis doado atopar figuras femininas relevantes, en xéneros coma o *rap*, o *rock*, ou o *techno* as mulleres son minoría. Ou están minorizadas? Hai tan poucas mulleres na música ou isto non é máis que unha percepción subxectiva? Iso mesmo se preguntou hai anos a ilustradora e intérprete musical **Laura Romero**. E de aí naceu *Músicas Galegas Ilustradas*, un proxecto artístico nado en 2017 co principal obxectivo de dar visibilidade ás artistas musicais galegas. Para responder á pregunta anterior, Laura realizou uns gráficos que recollen a cantidade de mulleres que soben aos escenarios de diferentes festivais galegos. Deste xeito, sabemos que O Son do Camiño (Santiago de Compostela) tivo en 2022 unha proporción de 138 a 29 a favor do bando masculino. No Resurrection Fest (Viveiro) dese mesmo ano actuaron 17 mulleres (a maioría cantantes) en contraste con 452 homes; menos dun catro por cento. Un pouco mellor,

iso si, que as edicións coetáneas doutros festivais metaleiros: Kanekas Metal Fest (Cangas do Morrazo) e Alén Metal Fest (Vilagarcía de Arousa) sumaron un total de cero mulleres nos seus escenarios. Destas cifras, especialmente no tocante aos dous primeiros festivais amentados, xorde outro debate: ambos os dous eventos, que comparten empresa promotora, son os dous festivais máis multitudinarios de Galicia e reciben grandes cantidades de diñeiro público: o de Compostela recibiu este ano case tres millóns de euros da Xunta de Galicia e o de Viveiro case medio millón. O novo Gozo Festival, un ciclo de concertos internacionais que se realizan por diferentes puntos de Galicia e que ten o seu día grande a comezos de xullo no monte do Gozo coa actuación de **Ed Sheeran** entre outros artistas, tamén podería formar parte dunha estatística actualizada. Este evento, que naceu o pasado ano, recibe 3.388.000 de euros do goberno galego a modo de patrocinio publicitario. Que teñamos constancia, a ningunha das promotoras que están detrás destes festivais se lles esixe por contrato unha cota mínima de artistas femininas, malia recibir millóns de euros das arcas públicas.

[...]

«**É** perigoso que non se atopen mulleres nas programacións financiadas cos nosos impostos»

*Helena Bricio,  
Asociación de Mujeres de la Industria de la Música*

Escanea o código QR para acceder á reportaxe completa en [amovida.gal](http://amovida.gal)






Fillas de Cassandra

Tanxugueiras



Eva Amaral

Luísa Sobral



Entendemos por masculina unha banda formada unicamente por homes ou liderada por un artista masculino. Para entender as agrupacións como femininas seguíuse un criterio parello. Como mixtas entendemos formacións de homes e mulleres sen líder evidente. Datos de 2024 agás Vigo en festas que son de 2023.



# Calendario de festivais



**MAI 11 - SET 07** TERRACEO

Auditorio Mar de Vigo, Vigo  
Los Estanques, Niña Polaca, The Tallest Man on Earth etc.

**XUL 04 · 05 · 06** PORTAMÉRICA

Azucreira de Portas, Caldas de Reis  
Vetusta Morla, Xoel López, Aitana, Juanes etc.

**XUL 06** GOZO FESTIVAL

Monte do Gozo, Santiago de Compostela  
Ed Sheeran, Bomba Estéreo, Milky Chance, Mon Laferte etc.

**XUL 13** GOZO FESTIVAL: BBF

Monte do Gozo, Santiago de Compostela  
Armin Van Buuren, Claptone, Fedde LeGrand, Hardwell etc.

**AGO 01 · 02 · 03** SONRÍAS BAIXAS

Bueu  
La Oreja de Van Gogh, Rozalén, Chef's Special, Tanxugueiras etc.

**AGO 23 · 24** RÍO VERBENA FEST

Pontevedra  
Amaral, Baiuca, Lori Meyers, Los Zigarros etc.

**AGO 30 SET 01** THE WILD FESTIVAL

Parque Forestal San Miguel de Oia, Vigo  
Dakidarría, Julián Maeso Band, Moonshine Wagon, Moura etc.

**SET 13 · 14 + 20 · 21** UNDERFEST

Vigo  
Fink, Gigolo Aunts, Richard Hawley, Stone Foundation etc.

**OUT 05** COSTEIRA SONORA

Pazo de Toubes, Cennele  
Club del Río, Joe Crepúsculo, Lontreira, Malamute etc.



## RECORTES CON ESTILO

**ÉXFICO CLOTHING** é unha marca de roupa creada polo deseñador gráfico **Alberto Brandon** en 2006, cando estudaba en Vigo. Nese momento decidiu producir as súas primeiras pezas, empapándose do ambiente musical, o *skate* e o ritmo da cidade como grandes inspiracións. As pezas de Éxfico están dirixidas a persoas con inquranzas artísticas, con empatía cara ao que nos rodea e con ganas de explorar a extraordinaria beleza oculta das cousas. As ideas de cada unha das súas coleccións parten das viaxes e dos artesáns locais que o deseñador, coñecido na casa como «**O Recortíños**», vai atopando polo camiño. Éxfico Clothing diseña na Guarda, onde Brandon abriu a tenda Éxfico Concept Store, un lugar onde atopamos roupa,

vinilos e unha coidada selección de obxectos de diferentes artistas, ademais dunha ampla colección propia de *souvenirs*. Vístete cun estilo que tan ben loce en concertos e festivais de verán. Enche o armario de recortes con estilo!



→ [exficclothing.com](https://exficclothing.com) → [@exficclothing](https://www.instagram.com/exficclothing)

**GOZO**  
FESTIVAL 2024

XUNTA DE GALICIA Xacobeo

MONTE DO GOZO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

13 JULIO 2024

POWERED BY  
**BBF**

**ARMIN**  
VAN BUUREN

CLAPTONE

**FEDDE**  
LEGRAND

**Hardwell**

KORO  
LOVA

**MARSHMELLO**

**tinny**

# VIGO, CIDADE DE COR:

## YOSEBA MP



«Para que vas ir sachar fóra, se tes a horta na porta da casa?». Esta incontestable sentenza foi proferida por **Eugenia**, a protagonista do tremendo mural pintado por **YOSEBA MP** en Coia, cando este lle contaba que prefería pintar en Galicia que noutro lugar. Claro que moitas veces o que nos gusta non é valorado na terriña, e non queda outra que marchar fóra.

Así o fixo Yoseba, afinando polo mundo adiante o seu marcado estilo realista, con arroutadas

surrealistas e unha forte influencia fotográfica. E tamén boas doses de nostalgia, como a que sente o artista pola súa propia infancia, expresada nesta obra a través da bóla e o dragón, que fan referencia ao mellor *anime* da historia —a nostalgia tamén pode comigo—. Ou como a que sente Eugenia pola batea que se ve ao fondo, aquela que un día foi o seu sustento. Ou como a que sentimos cando estamos fóra e vemos esa ponte. Aínda que iso igual é mais morriña que nostalgia...

→ O mural sitúase na rúa de Vilagarcía de Arousa, á altura do número 30.

**KOMINSKY**

Rúa dos Irmandiños, 3

Xoves 11 de xullo → 21:00 h **Lluvia + Pablo Wilson + Faíscas**Venres 12 de xullo → 00:00 h → Gratis → **Rub a Dub Corner**Sábado 13 de xullo → 20:00 h → 10,00 € → Presentación **Ollie Navia Fest: Diving Through Jellyfishes + LaToni + Why Not? + Muriel + Leri**Xoves 19 de xullo → Noches en Blanco con **Pálida**Venres 20 de xullo → 21:30 h → 10,00 € → **Elis Paprika**Venres 26 de xullo → **Gala Drag King****O LAR DAS ARTES**

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

Martes 2, 9, 16, 23 e 30 de xullo → 20:00 h → Gratis → Sesión Tardeo, con **DJ Bertolore**Mércores 3, 10, 17, 24 e 31 de xullo → 21:30 h → Gratis → **Beto** en acústicoXoves 4, 11, 18 e 25 de xullo → 21:30 h → Gratis → **Reynier Aldana**Venres 5 e 19 de xullo, 9 e 16 de agosto → 21:30 h → Gratis → **Federal Sesión**, con **Rober Carcos** e **Cedece**Venres 12 e 26 de xullo → 21:30 h → Gratis → **Rober Carcos**Domingo 11 de agosto → 12:30 h → Gratis → **Claudio Gabis Trio****VITRUVIA**

Praza de Compostela, 5

Mércores 10 de xullo → 20:30 h → 12,00 € → **Arnaud Desprez Quartet**Mércores 17 de xullo → 20:30 h → 12,00 € → **Midnight Sound Group**Martes 30 de xullo → 20:30 h → 12,00 € → **Sergio de Miguel Trío**Xoves 8 de agosto → 20:30 h → 12,00 € → **Mónica Acevedo Trío**Mércores 21 de agosto → 20:30 h → 12,00 € → **Sempasúchil****REBULLÓN**

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

Xoves 4 de xullo → 21:00 h → Caixa inversa → **Jazz de Laranxa**Xoves 11 de xullo → 21:00 h → Caixa inversa → **Madmess**Xoves 18 de xullo → 21:00 h → Caixa inversa → **Pablo Vila y Los Tripulantes**Xoves 1 de agosto → 21:00 h → Caixa inversa → **Lunamotos**Xoves 8 de agosto → 21:00 h → Caixa inversa → **Froján**Xoves 22 de agosto → 21:00 h → Caixa inversa → **Todas las Batallas Perdidas**Xoves 29 de agosto → 21:00 h → Caixa inversa → **Jay & The Smoking Machines****VIGO EN FESTAS**

Auditorio de Castrelos

**DANI FERNÁNDEZ**  
**SÁBADO 13 DE XULLO****CORAL CASABLANCA**  
**SÁBADO 20 DE XULLO****LUIS FONSI**  
**MARTES 23 DE XULLO****SEN SENRA**  
**XOVES 25 DE XULLO****LUZ CASAL**  
**VENRES 2 DE AGOSTO****AITANA**  
**SÁBADO 3 DE AGOSTO****UB40**  
**MÉRCORES 7 DE AGOSTO****ÓPERA 'RIGOLETTO'**  
**VENRES 9 DE AGOSTO****VÍCTOR MANUEL**  
**MÉRCORES 14 DE AGOSTO****XOEL LÓPEZ + VETUSTA MORLA**  
**VENRES 16 DE AGOSTO****MELENDI**  
**SÁBADO 17 DE AGOSTO**

\*Ao peche desta edición, quedaban varios concertos pendentos de se anunciar.





# Terraceo de verdade

## Albatros

**SEN SAÍR DA ZONA URBANA**, este local ofrece unha das mellores vistas da cidade. Situado na Estación Marítima, a súa ampla terraza non encontra obstáculos entre a ría e os comensais, e as vistas abranguen desde as illas Cíes ata a ponte de Rande. Se ben a localización entra facilmente polos ollos, as opcións culinarias non quedan atrás. O restaurante dispón dunha carta fixa na que atopamos pratos elaborados con materias primas frescas, produtos do mercado local e elaboracións que conxugan diversas cocinas internacionais coa mellor tradición galega. O máis destacado son os pratos de peixe e os arroces. O polbo á grella, o bacallau en tempura, o arroz da casa e a fideuá de chocos de Redondela son algúns dos pratos estelares deste local con nome de ave mariña.



→ Peirao de Transatlánticos  
(Estación Marítima de Transatlánticos)

→ 986 43 71 62 → [albatrosvigo.com](http://albatrosvigo.com) → [@albatrosvigo](https://www.instagram.com/albatrosvigo)

## Chiringuito ETEA

**AO PÉ DOS IMPOÑENTES** edificios abandonados da antiga Escola de Transmisión e Electricidade da Armada (ETEA), a un paso da ría, atopamos unha caseta con ampla terraza fronte a enseada de Teis que recolle o nome da devandita institución militar. Os atractivos para nos achegar ata aquí son varios. Por unha banda, estamos nunha contorna natural, afastada do tráfico, á sombra do monte da Guía e con acceso directo ás praias da Punta e de Ríos. A zona foi obxecto de varias remodelacións recentes que a dotaron dunha grande área recreativa con bancos, fontes, parque infantil, pista de patinaxe e unha senda de paseo, polo que é un lugar axeitado para acudir en familia. Ademais de servir bebidas, este lugar converteuse nun punto de encontro popular entre os amantes da música ao vivo e as postas de sol espectaculares. Cunha programación que se anuncia quincenalmente no perfil de Instagram do local, todos os sábados e domingos e algún venres podemos gozar dun solpor musicado por bandas galegas.



→ Avenida da Mariña Española  
→ [@chiringuito\\_etea](https://www.instagram.com/chiringuito_etea)





Tendo como teito o firmamento, presentamos unha selección de catro das mellores terrazas hostaleiras, con cartas apetecibles, música en directo, cócteis e o mellor ambiente desde a mañá ata atravesar o solpor.

## Hotel Maroa

**MOITOS ESTAREMOS DE ACORDO** en que a mellor parte de espertar nun hotel é o bufete do almorzo. Pois este céntrico establecemento ofrece a posibilidade de gozar da primeira comida do día sen necesidade de aloxamento, na cafetería do sétimo andar do hotel, tanto na parte interior acristalada como na terraza, con vistas aos xardíns de Montero Ríos e á nosa marabillosa ría. Tamén cabe a opción de degustar un brunch para grupos de dez ou máis persoas, ou á carta. Alén das mañás, a terraza está aberta durante todo o día, sendo idónea para tomar un vermú entre amigos, merendar, ou quedar para relaxarnos despois da xornada laboral, cóctel en man e co mar como pano de fondo, contando cunha pequena carta de tapas. Pódese reservar unha parte do espazo para facer unha celebración privada; un emprazamento bonito e tranquilo para celebrar un aniversario, unha prevoda ou unha xubilación. Para desfrutar de calquera destas opcións é aconsellable chamar e reservar con antelación indicando que plan temos neste encantador hotel.



→ Rúa de Pablo Morillo, 6 → 986 43 89 22  
→ [@maroahotel](https://www.maroahotel.com)

## Lagareta by Aurora

**LONXE DO ALBOROTO** da zona céntrica da cidade, atopamos un restaurante con cafetería, xardín e un espazo para eventos con moito verde, nunha espectacular localización próxima a unha zona de praias. A cociña abre durante todo o día e a carta cambia segundo á hora á que nos acheguemos. Aquí hai opcións de almorzo e merenda elaboradas para os máis larpeiros, como panqueiques con Nutella ou bagels de salmón afumado, e unha completa carta con pratos que serven tanto para unha cea informal como unha ocasión especial. O arroz con peixe sapo e lagostino, o polbo ou as hamburguesas son algunhas das recomendacións do menú. O principal atractivo do local é o amplísimo xardín, con varias terrazas e piscina, desde o que podemos mirar as illas Cíes. A agradable decoración e os recunchos verdes fan que este sexa un espazo apto para diversas ocasións: tomar uns petiscos con amigos, pasar a tarde con nenos ou relaxarse tomando un cóctel ao solpor.



→ Estrada de Camposancos, 347 → 627 48 50 78  
→ [@lagareta\\_by](https://www.lagareta.by.com)



# LOCAIS RECOMENDADOS



CAFÉS



COMERCIO



CONCERTOS



COPAS




ESPECTÁCULOS



FORMACIÓN



GASTRO







- 1 **A MORADA** Enrique Mañas, 6
- 2 **ALBATROS** Peirao de Transatlánticos, s/n
- 3 **ÁRTIKA** Beiramar, 113
- 4 **CAÑAVERAL** Porta do Sol, 6
- 5 **DOPPLER, SALA** Martín Códax, 21
- 6 **EL TRIGAL, PANADERÍA**  
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 7 **FELICETTA GUALTIERI** Alfonso XIII, 9
- 8 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** Doutor Cadaval, 21
- 9 **GALERÍA MARACA** Doutor Cadaval, 12
- 10 **KENGURU** Avenida do Rebullón, 22 - Mos
- 11 **KIDS & US** Xirona, 8 e Urzaiz, 108
- 12 **LA CONTENEDORA** Eduardo Iglesias, 11
- 13 **LA TITA RIVERA** Praza de Compostela, 17
- 14 **LE MARCHÉ DE RACHEL** Carral, 15
- 15 **LIBROURO** Eduardo Iglesias, 12
- 16 **MÁIS PALÁ** Manuel Núñez, 18
- 17 **MAPIS** Pizarro, 47
- 18 **MOLOTOV** Santiago de Vigo, 1
- 19 **MORRIÑA SHOP** Praza da Pedra, 5
- 20 **O LAR DAS ARTES** Ribelas, 60
- 21 **PRIMAVERA, BAR** Ronda de Don Bosco, 17
- 22 **PURO DELIRIO** Teófilo Llorente, 43
- 23 **RATALOKA TATTOO** Camelias, 22
- 24 **REBULLÓN, SALA** Avenida do Rebullón, 23 - Mos
- 25 **SALA KOMINSKY** Irmandiños, 3
- 26 **SARA GARCÍA PELUQART** Couto Piñeiro, 2
- 27 **SUKHA FUNK** Tomás A. Alonso, 19
- 28 **SR. NILSSON** Triunfo, 2
- 29 **SWING ON** Alfonso XIII, 9
- 30 **TALLER ALASELVA** Rúa San Paio, 118
- 31 **TEATRO ENSALLE** Chile, 15
- 32 **TERRAE ORGÁNICA** Vázquez Varela, 44
- 33 **THE MONK PUB** Serafín Avendaño, 12
- 34 **TU CENTRO RAÍCES** Tomás A. Alonso, 162, 2º of. 7
- 35 **VAIDHĚ** Carral, 7
- 36 **VITRUVIA** Praza de Compostela, 5
- 37 **WOODTOWN** Camelias, 20



→ Para máis info sobre os locais recomendados visita [amovida.gal/locais-recomendados](http://amovida.gal/locais-recomendados)

## Se Cadra

# Croquetas e cachopos en Churruca


**BAILAR, TOMAR UN GROLO** ou asistir a actuacións musicais son reclamos propios da zona de Churruca. O bar **SE CADRA**, a nova incorporación do barrio, quere ir un paso máis aló combinando cervexas, viños e copas cunha carta que invita a quedar a cear nun ambiente tan informal como tranquilo. **Naiara** e **Sara**, xefa de sala e de cociña respectivamente, traballaban antes no restaurante familiar da segunda. Sentíronse atraídas polo mundo da hostalería e, coa afouteza da xuventude, lanzáronse a abrir un negocio de seu. O detonante foi o cartel de «alégase» nun local da rúa de Martín Codax. «É a nosa zona preferida, tanto para tomar algo pola tarde, como para saír de festa ou ir a un concerto», explica Sara contenta de formar parte desta particular veciñanza.



A carta componse de clásicos do tapeo: croquetas de xamón, cremosas e con moito sabor; lagostinos crocantes acompañados con prebe de soia; ovos con patacas e migas de chourizo ou táboas de chacina e queixos. Tamén se presenta unha moi sabedeira ensalada de tomate, ventrecha e queixo cremoso e outros pratos un pouco máis elaborados, como o lombo de sardiña afumada sobre unha *brioche* ou o cachopo, recheo de friame e queixo de Cabrales. Como

opción cen por cento vexetal, ofrécense uns tacos de cogomelos e lombarda. Nove pratos en total, todos caseiros e pensados para compartir. Mención á parte merece a carta de viños.

O local, ao que lle deron un pequeno lavado de cara, chama a atención polo teito alto con vigas de madeira, as paredes de pedra e pola cor verde que impera tras o mostrador de madeira que se ve nada máis entrar. Sara e Naiara colocaron nos muros cadros de diferentes artistas, con sinaturas locais como a de **Tayone** e internacionais como a de **Cristina Daura**, que achegan un toque de modernidade ao corte tradicional do inmoble. O local dispón dunha salina con sofás e mesas baixas na parte superior, ideal para tomar unhas copas con máis intimidade, e á parte hai un salón con xanelas do teito ao chan no que caben unhas vinte persoas comodamente sentadas á mesa, unha dependencia atractiva para a celebración de aniversarios e outros pequenos eventos.



→ Rúa de Martín Codax, 10 → 622 47 75 78  
→ [@secadra\\_bar](https://www.instagram.com/secadra_bar)



## Villa Rolendis

# Arroces e artesanía na ría de Arousa

Escapamos ata O Grove para gozar dun xantar con vistas á Illa da Toxa en **VILLA ROLENDIS**, unha casa de comidas con 42 anos de historia que está a vivir unha segunda xuventude pola man de **Fabián Rivas**, fillo dos donos orixinais. Os puntos fortes deste restaurante son a especialización en arroces de peixe e marisco e a localización, coa auga do mar chegando ao muro da casa cando sobe a marea.

Sentamos nunha mesa do gran salón acristalado e a casa convídanos a un hummus caseiro con pan torrado e mais un cóctel de benvida. Primeiro eliximos a ensalada de polbo con mango e aguacate, fresca e doce, cunha textura cremosa e o punto salino do cefalópodo; e mais as voandeiras con cebola acaramelada e xamón. Como prato principal pódese elixir entre dous pratos de peixe e dous de carne, que cambian segundo a temporada, e a especialidade da casa: os arroces. Decantámonos por un arroz negro con bacallau, berberechos, mexillóns e emulsión de allada. Un prato que se serve en paella, co grosor xusto para acaramelar lixeiramente a base e formar o cobizado *socarrat*, con lascas de peixe e bivalvos apanados a poucos metros de onde os estamos a degustar; a emulsión de allada deixa nalgúns bocados un intenso e orixinal sabor ao aceite de oliva. Chegado o momento da sobremesa, Fabián recoméndanos a torta de queixo con curry, unha

combinación que resulta tan exótica como gozosa, cunha marmelada de froitos vermellos que pon o punto acedo. Todo isto regado cunha refrescante sangría de albariño.

Cando Fabián colleu a remuda do restaurante familiar hai oito anos, modernizou a carta e a decoración. Elementos mariñeiros e mobiliario antigo conviven con mesas de cores estri-

dentas e murais de

**Raffaella Carrà**, sen roubar protagonismo ás espectaculares vistas. Tan singular estética complétese cunha tenda de artesanía que atravesa o local, onde atopamos pezas de cerámica e téxtiles de marcas galegas. E ollo, permítese a entrada de mascotas. Villa Rolendis estende o horario na temporada estival, desde a mañá, cunha carta

variada de almozos caseiros, ata a medianoite. Nestas noites de verán presta degustar un cóctel na privilexiada terraza exterior, especialmente os xoves, cando se organizan concertos para acompañar a agradable brisa mareira.

→ **Lugar:** av. do Tenente Domínguez, 51 (O Grove).

→ **Distancia desde Vigo:** 70 quilómetros (aprox.).

→ **Prezo:** 35,00 € por persoa (aprox.).

→ **Arredores a visitar:** a illa da Toxa, a praia da Lanzada, o sendeiro de Pedras Negras...

→ **Información e reservas:** 986 73 08 66  
[villarolendis.es](http://villarolendis.es) • [@villarolendis](https://www.instagram.com/villarolendis)







# A oitenta quilómetros da Terra Santa

**SANTIAGO DE COMPOSTELA** é a única parada en España da exposición internacional *Tesouros reais. Obras mestras do Terra Sancta Museum*, unha mostra composta por doazóns das monarquías católicas europeas ao longo de 500 anos á igrexa do Santo Sepulcro en Xerusalén. Tras o seu paso por Lisboa, agora pode visitarse ata o 4 de agosto no Museo Centro Gaiás, grazas ao apoio da Xunta de Galicia.

No ano 313, coa promulgación do Edicto de Milán, o emperador **Constantino I o Grande** concedeu aos cristiáns a liberdade de culto no Imperio Romano, permitindo que o Cristianismo se volvese progresivamente unha relixión de Estado. A tradición que identificaba os lugares do calvario e do sepulcro de Cristo levou a **Helena de Constantinopla**, nai de Constantino I, a visitar a Terra Santa en 326, dando orixe á construción da basílica do Santo Sepulcro. Este e outros templos convertéronse en destino de numerosos peregrinos europeos que, especialmente a partir do século XIV, foron acollidos polos frades da Orde de San Francisco. Esta exposición amosa pezas únicas de incalculable valor que foron custodiadas durante máis de 800 anos, desde a chegada dos franciscanos a Palestina, e que raramente puideron ser vistas polo gran público.

**Filipe II de España, Lois XIV de Francia, Xoán V de Portugal, Carlos III de España** ou **María Tareixa de Austria e Borbón** foron algúns dos soberanos que enviaron recursos materiais e financeiros destinados ao sustento das igrexas e comunidades católicas de Xerusalén, como aceite, bálsamos, cera, especias, moedas de ouro, perfumes, té... Ademais de notables producións de arte europea, incluíndo obras de

producción téxtil, ourivería ou mobiliario para a celebración do culto e a ornamentación dos espazos relixiosos. Xerusalén considerábase como unha especie de teatro onde as coroas exhibían as súas ofrendas, como proxección da súa devoción e tamén do seu poder, conferindo á Terra Santa o título de «Teatro do Mundo». A estrela de prata que sinala o lugar de nacemento de Xesús, as copas dos Reis Magos ou unha maqueta fabricada en madeira da igrexa do Santo Sepulcro son algunhas das pezas que podemos ver en exclusiva ao longo do mes de xullo a uns oitenta quilómetros de Vigo. Na súa estadia en Galicia, a exposición complétese con pezas arqueolóxicas, pictóricas e outras obras senlleiras de institucións galegas, como o Museo da Terra Santa do Convento de San Francisco ou o Museo das Peregrinacións e de Santiago; e tamén de fóra de Galicia, como o lisboeta Museo Calouste Gulbenkian. O proxecto achégase así ao nexa que vencella tres grandes capitais de peregrinación: Xerusalén, Roma e Santiago de Compostela.










## UNHA FOTO DE PORTADA

Despois de toda unha vida dedicada á tradución, sendo responsable das versións en galego de moitísimas obras do cine, a televisión ou a literatura, **María Alonso Seisdedos** estréase como autora de novela con *As Jermaine*, unha obra poliédrica, críptica por momentos, que bebe de moitas tendencias; fórmulase como un xogo que desde o inicio ata o final nos invita á procura das pistas que nos leven a enfiar todas a historia. Fala da soidade, da emigración e da obsesión por unha fotografía que non podemos deixar de ollar xa desde a mesma portada.

→ [As Jermaine](#) → María Alonso Seisdedos → Galaxia → 164 páxinas



## POSUÍR OS CORPOS

As personaxes da novela *A boca da sombra* constrúen o que son en base aos seus corpos. As prostitutas defenden o que son neles. Os homes porque queren seguir posuíndoos. A obra, coma todas as de **Emma Pedreira**, xoga con esa xustiza que todas desexamos coa paisaxe dos baixos fondos. No lugar ficticio de Putown atopamos un médico, un comisario e moitas fulanas. Todas as personaxes falan, para nós e entre elas, co fin de nos facer pensar en que pasaría se as putas gobernasen unha cidade ou o mundo enteiro.

→ [A boca da sombra](#) → Emma Pedreira → Aira → 104 páxinas



## A EXPERIENCIA DA LECTURA

O acto de ler é solitario, pois lemos para nós, pero asemade é coral, pois adoitamos querer compartir as experiencias do que atopamos entre as páxinas. Para que serve a lectura? Esa é a pregunta que rodea *Os libros e a beleza*, unha recompilación de conferencias e artigos de **Michèle Petit** que analiza experiencias arredor dos libros e como estes axudan ata en momentos moi complexos, mesmo con traumas. É unha obra sobre o poder da lectura para evocar e desexar o futuro, e que se le con moita necesidade neste mundo atroz.

→ [Os libros e a beleza. Somos animais poéticos](#) → Michèle Petit → Isabel Soto (tradución) → Kalandraka → 216 páxinas



#PuroDeleite



## Casa Grande de Xanceda

# Hummus e crema de anacardio con kombucha

A kombucha é unha bebida milenaria con base de té verde e fermentada de forma natural. Este superalimento mellora a dixestión, fortalece o sistema inmunitario e contribúe á desintoxicación do corpo. Velaquí un par de receitas elaboradas coa Kombuxa de **CASA GRANDE DE XANCEDA** que se poden acompañar de galletas salgadas, pans variados ou vexetais para obter un exquisito menú estival.

### HUMMUS: INGREDIENTES

- Aceite de oliva virxe extra (2 culleradas)
- Allo (2 dentes)
- Comiño (1/2 culleriña)
- Garavanzos cocidos (400 gramos)
- Kombucha (1/4 de vaso)
- Pementa e sal (a gusto)
- Tahini (3 culleradas)
- Zume de limón (1 cullerada)

### ELABORACIÓN

Botamos os garavanzos nun cunco cun pouco da auga, engadimos os dous dentes de allo e mesturamos todo cun batedor. Botamos a kombucha aos poucos namentres que imos batendo o puré co resto dos ingredientes ata obter unha textura cremosa para un delicioso hummus. Se engadimos un aguacate aos ingredientes, o resultado será un hummus verde.

### CREMA DE ANACARDIO: INGREDIENTES

- Aceite de oliva virxe extra (1 cullerada)
- Anacardios (150 gramos)
- Kombucha (70 mililitros)
- Lévedo nutricional (1 cullerada)
- Sal (1/2 culleradiña) e zume de medio limón

### ELABORACIÓN

Botamos todos os ingredientes nun recipiente cóncavo, mesturámoslos cun batedor, e imos axustando a consistencia con auga ou máis kombucha ata conseguir unha textura suave. Por último, vertemos a mestura nun molde e e deixámola no frigorífico durante catro horas para obter unha crema perfecta para mollar.



Escanea o código QR para acceder ao vídeo da receita en [amovida.gal](https://amovida.gal)



### CASA GRANDE DE XANCEDA

Situada no concello de Mesía, na comarca de Ordes, a granxa ecolóxica [Casa Grande de Xanceda](https://amovida.gal) acolle máis de 300 vacas que pastan e pasean a diario e libremente por 200 hectáreas de prados e bosques autóctonos. Co leite das reses, esta empresa familiar elabora unha gran variedade de produtos ricos e saudables. Na horta cultívanse as froitas e hortalizas que dan sabor ás creacións da Casa Grande.



# axenda a Movidiaña

## MAPIS

Este espazo con asesoramento personalizado organiza actividades con profesionais.

- \* Xoves 4, 11 e 18 e mércores 24 de xullo; ás 11:00 h: «Obradoiro intensivo de arte con Anxo Guiances» (35,00 €).
- \* Mércores de xullo e agosto, das 17:00 ás 20:00 h: «Grupo de xogo e crianza» (gratis).

## MARCO

Programación especial para o mes de xullo, que este ano inclúe obradoiros infantís e actividades grupais á medida.

- \* Martes 9, 16, 23 e 30, ás 11:30 h: «Laboratorio de arquitectura».
- \* Xoves 4, 11 e 18, ás 11:30 h: «Laboratorio de arquitectura».
- \* Mércores 3, 10, 17, 24 e 31, ás 10:30 h: «Visitas e obradoiros para grupos».
- \* Mércores 3, 10, 17, 24 e 31, ás 12:00 h: «Obradoiros infantís».
- \* Venres 5, 12, 19 e 26, ás 10:30 h: «Visitas e obradoiros para grupos».
- \* Venres 5, 12, 19 e 26, ás 10:30 h: «Visitas e obradoiros para grupos».

## VIALIA

Actividades para pequerrechos durante todo o mes de xullo, na zona Vigo Exporta.

- \* Martes 2, ás 18:00 h: «Xogos con mímica».
- \* Sábado 6, ás 18:30 h: «H2Olgas».
- \* Martes 9, ás 18:00 h: «Descubrinto o mar de Galicia».

- \* Martes 19, ás 18:00 h: «Arte floral».
- \* Sábado 20, ás 18:00 h: «Festa da escuma».
- \* Martes 23, ás 18:00 h: «Construímos os nosos atrapasóns».
- \* Sábado 27, ás 18:30 h: «Rosalía».
- \* Martes 30, ás 18:00 h: «Area máxica ca-seira».

## VIGO NATURE

VigoZoo, o parque ambiental municipal que opera desde este ano como centro de divulgación ambiental e de ocio.

- \* Sábados 6, 13 e 27 de xullo, ás 0:30 h: «Noites astronómicas».
- \* Martes 10 e 31 de xullo, ás 0:30 h: «Noites astronómicas».
- \* Venres 3, 10, 24 e 31 de agosto, ás 0:30 h: «Noites astronómicas».
- \* Mércores 7 e 28 de agosto, ás 0:30 h: «Noites astronómicas».
- \* Luns 12 de agosto, ás 0:30 h: «Observación das Perseidas».

→ 6,00 € (inclúe chocolate quente).

## THE WILD FESTIVAL

O festival máis silvestre conta cunha programación familiar variada e gratuíta.

- \* Sábado 31 de agosto: «Xogos populares e tradicionais, pintacaras e obradoiro de reciclaxe» (para menores de 14 anos).
- \* Domingo 1 de setembro: «Actuación de Globotolo, andaina e obradoiro danzas do mundo».





**XOGOS DE ESCAPE  
TEMÁTICOS**



O restaurante máis delirante do Vigo vello ofrece xogos de escape, recreando ambientes fantásticos: *Bitelchús* en xullo e *Piratas do Caribe* en agosto.

→ Os xov de verán ás 21:30 h  
→ Puro Delirio → 10,00 €  
(inclúe unha consumición)

**GALICIA  
MUSICALIDADE**



Libro escrito por Noel Turbulencias e ilustrado por Victoria Sánchez, que presentan na compañía de Fillas de Cassandra.

→ Mér 10 de xullo, ás 19:00 h  
→ Galería Maraca → Gratis

**PAINT & WINE**



Antía Sánchez convida a agromar a creatividade nun dos espazos verdes máis valiosos da cidade nunha xornada de pintura regada por un bo viño.

→ Sáb 13 de xullo, ás 17:00 h  
→ Fundación Sales → 50,00 €

**II XORNADAS  
DE CINEMA MUDO  
E MÚSICA**



O *Golem*, *Amencer* e *Seven Chances* son algúns dos filmes que o trío Caspervek música en directo neste evento.

→ Mér 17 a ven 19 de xullo  
→ Sales Xardín → desde 11,32 €

**MÚSICA  
DO ÍNTIMO**



Recital de guitarra a cargo da intérprete Yaiza Comesaña.

→ Mér 24 de xullo, ás 20:00 h  
→ A Morada → Caixa inversa

**MERCADO  
RECICLADO**



A feira organizada por Felicetta Gualtieri trasládase á Illa de Arousa.

→ Sáb 27 de xullo e 24 de agosto, das 12:00 ás 21:00 h  
→ Chiringuito Patapalo (A Illa de Arousa) → Gratis



2024

**SonRías Baixas**

1·2·3 de Agosto · Bueu · Galiza

Xoves 1

LA OREJA DE VAN GOGH  
ÁLVARO DE LUNA  
LA LA LOVE YOU  
ANABEL LEE · MOROCHOS  
SABELA · SEXY ZEBRAS

Venres 2

ROZALÉN · CHEF'SPECIAL  
FILLAS DE CASSANDRA  
TRAVIS BIRDS  
COOL NENAS · GILIPOJAZZ  
LA ÉLITE · MUERDO

Sábado 3

TANXUGUEIRAS · RAYDEN  
GINEBRAS · THE RAPANTS  
EMLAN · INÉS HERNAND  
MONDRA · MR. KILOMBO



Escanea o código QR para percorrer connosco anécdotas, historias e lugares interesantes de Bouzas.





# Bouzas

por Abi Castillo





# O verán é doce ou salgado?

Antes de responder á pregunta do titular, bótalle unha ollada ás propostas que xuntamos nesta reportaxe, un trío de ases para catar con gusto o sabor estival.

## Naviera Mar de Ons, auga salgada

**VIVIR A CARÓN DO PARQUE** Nacional das Illas Atlánticas é estar preto do paraíso. **NAVIERA MAR DE ONS** lévanos a vivir unha experiencia moi propicia da época estival. Se o que queremos é desconectar da rutina nunha paraxe espectacular, a opción de facer unha ruta en barco lévanos desde o porto de Vigo ao arquipélago das Cíes ou á illa de Ons, onde nos podemos relaxar nas súas praias, explorar a natureza da contorna e gozar do mellor da gastronomía local. Mar de Ons pon á nosa disposición un equipo de guías encantados de nos amosar os segredos mellor gardados destas illas. A navieira volve ofrecer este verán as experiencias Starlight, a través das que exploramos o ceo nocturno desde as augas das

illas Cíes, desde onde gozamos dunha visión única do cosmos ao navegar por unha área sen contaminación luminosa nin acústica, pois non hai mellor compañía que as estrelas ao son do mar. Para un plan cultural diferente, a navieira recomenda visitar a illa de San Simón, situada no interior da ría de Vigo, onde se pode descubrir un pasado histórico sen parangón. Ademais de todo isto, Naviera Mar de Ons ofrece unha liña regular entre Vigo e Cangas, unha maneira rápida e agradable de chegar á península do Morrazo deixando atrás o estrés e os atascos.

→ Rúa de Cánovas del Castillo, 26 → 986 22 52 72  
→ [mardeons.com](http://mardeons.com) → [@mardeons](https://www.instagram.com/mardeons)







## Feita e Riquiña, doce e salgado

**A UN PASO DA PRAIA** de Canido, atopamos esta finca na que tanto podemos desfrutar dun gorentoso *brunch* como dun petisco despois dunha xornada de sol e mar. Detrás do mostrador están **Eva e María**, dúas amigas da infancia que decidiron embarcarse neste proxecto inaugurado no recente mes de abril. Se as visitamos en horario matutino, ofrécenos a posibilidade de almorzar con algún dos seus doces caseiros ou tomar un *brunch*. As hostaleiras dannos a escoller entre croissant, gofre e panqueques, se nos decantamos pola opción doce, ou unha torrada de tomate, rúcula e xamón ibérico, se preferimos algo salgado. Os dous menús veñen acompañados con zume e unha bebida quente. A carta reconvértese se visitamos **FEITA E RIQUEÑA** durante o serán, ofrecendo unha boa variedade de bocadillos, hamburguesas e tostas, sempre cun toque da casa, como o bocadillo de xarrete de tenreira ao Mencia en pan de *brioche* ou a tosta de lombo de porco, queixo de Brie e marmelada de pemento. Para completar a experiencia, este dúo de amigas programan concertos e monólogos para despedir o día desde a terraza, e vermús con música en directo e actividades dirixidas á cativada para gozar das mañás solleiras.



→ Estrada da Igrexa Roteas, 4  
→ Consultar horario en... → [@feitaeriquina](https://www.feitaeriquina.com)

## Río Miño en Barco, auga doce

**NO ANO 1012, OS VIQUINGOS** arrasaron Tui entrando coas súas particulares embarcacións a través do río Miño. Este dato sorprende a creadora de **RÍO MIÑO EN BARCO**, unha tudense que logo se puxo a investigar sobre isto, e discorreu sobre cal sería a mellor maneira de difundir este feito histórico, tanto cos habitantes da zona como cos peregrinos e demais visitantes que se achegan a esta localidade. Hai dous anos que botou a andar este proxecto que ofrece paseos polas augas fronteirizas entre Galicia e Portugal, a bordo dunha recreación dun navío viquingo con 12 metros de eslora e unha capacidade para 20 persoas. Esta embarcación navega diario durante o verán, ofrecendo diferentes opcións, como a ruta «Navegando entre murallas», un paseo de 40 minutos que ofrece unha singular perspectiva visual e histórica das vilas de Tui e Valença. Ao mediodía ofrécese a posibilidade de realizar unha cata de albariño a bordo e no serán cámbiase o viño por portónico, un cóctel elaborado con viño do Porto branco e tónica. Uns petiscos complementan cada unha das rutas, que teñen unha duración aproximada dunha hora. Para completar a oferta, en determinadas datas do verán prográmanse concertos a bordo, que cómpre non perder de vista nas redes sociais da empresa.



→ 662 31 25 20 → [riominoenbarco.com](https://www.riominoenbarco.com)  
→ [@riominoenbarco](https://www.instagram.com/riominoenbarco)

**FEIRA DO LIBRO**  
LUNS 1 A DOMINGO 7 DE XULLO  
PRAZA DE COMPOSTELA

Dez anos despois, a feira literaria regresa ao emprazamento clásico da Alameda. Durante unha semana completa, case unha vintena de casetas acollen presentacións de libros, charlas e actividades infantís.

→ De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h → Gratis

**FESTA DA CULTURA**  
VENRES 19 E SÁBADO 20 DE XULLO  
PORTA DO SOL

Case unha trintena de formacións de música e danza toman o centro da cidade durante dúas xornadas no evento organizado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais.

→ Todo o día → Gratis

**NOITE BRANCA**  
VENRES 26 DE XULLO  
MUSEOS DE VIGO

Xornada de portas abertas da anoitecida á madrugada: a Casa das Artes, o Pazo Quiñones de León, a Pinacoteca Francisco Fernández del Riego e o Verbum ofrecen diferentes actividades.

→ 21:00 h → Gratis

**O MARISQUIÑO**  
XOVES 8 A DOMINGO 11 DE AGOSTO  
SAMIL E NÁUTICO

O evento cultural e deportivo urbano máis grande da cidade volve como cada verán cunha programación moi completa que se volve concentrar na zona de Samil, manténdose algunha actividade no Náutico.

→ Todo o día → Gratis

**VIGO SEAFEST**  
XOVES 11 A DOMINGO 14 DE XULLO  
XARDÍNS DE ELDUAYEN

O Festival ARVI do Peixe está de volta con catro días de gastronomía que sabe a mar, con dezasete *chefs* convidados, deporte e música con artistas como **TangoMango**, **Chata Soul** ou **Litus & Pablo Novoa**.

→ Todo o día → Gratis

**IACOBUS MARIS**  
MÉR 24 A DOM 28 DE XULLO  
DÁRSENA DE PORTOCULTURA

A cultura marítima é o celme do festival que programa visitas e viaxes en diferentes embarcacións e que tamén ofrece concertos e gastronomía mariña.

→ Todo o día → Gratis



Dalsi

**OLLIE NAVIA**  
VENRES 26 E SÁBADO 27 DE XULLO  
SKATEPARK DE NAVIA

Festival de *punk rock* que programa novas bandas galegas e portuguesas, como **Dalsi**, **Diving Though Jellyfishes**, **Memorial State**, **Nogato** ou **Vloom**.

→ Gratis

NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS MOITOS EVENTOS EN VIGO.



## CULTIVANDO PRESENTE E FUTURO



D'AQELOUTRE

[@daqeloutre](https://twitter.com/daqeloutre)

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a [revista@amovida.gal](mailto:revista@amovida.gal)  
Consulta as bases en [amovida.gal/as-tuas-movidas](https://amovida.gal/as-tuas-movidas)





V EDICIÓN


# COSTEIRA SONORA

5 OUT

PAZO DE TOUBES  
+INFO COSTEIRA.ES

SÁBADO 5  
OUTUBRO 2024

CLUB DEL RÍO · JOE CREPÚSCULO  
LONTREIRA · MALAMUTE · TERRAE  
ISAAC PEDROUZO · RAPARIGA DJ  
SHOWCOOKING DO CHEF DO PAZO



MÚSICA ENTRE VIÑEDOS

MÚSICA ENTRE VIÑEDOS